GUÍA DIDÁCTICA

DE

AS PAISAXES DE GALICIA

1. OBXECTIVOS EDUCATIVOS

- Fomentar o uso das tecnoloxías da Información e Comunicación, (TIC).
- Motivar ao alumnado na aprendizaxe mediante a presentación de contidos de forma atractiva.
- Achegar coñecementos básicos de xeografía de Galicia como son o relevo, ríos , costas , clima e natureza mediante as TIC.
- Interpretar correctamente climogramas , elaboralos e saber interactuar cos elementos que os constitúen a través do uso das TIC.
- Identificar as principais formas de relevo e ríos de Galicia e a súa situación nun mapa físico.
- Identificar as principais variantes climáticas de Galicia e a súa situación nun mapa físico
- Identificar o patrimonio natural a protexer de Galicia e a súa sitauación xeográfica
- Identificar as principais características da costas galegas , xituando xeográficamente elementos distintivos destas como as rías
- Suscitar o interés sobre aspectos da xeografía galega usando diversas feramentas e páxinas que hai en internet para elo e tamén mantendo unha actitude crítica ante esas fontes de información.
- Expresar e comunicar os contidos da área interpretando datos gráficos e e cartográficos dixitalizados.
- Utilizar de xeito responsable as TIC familiarizándose co seu uso en mapas diversos de Galicia
- Asociar diversos aspectos da xeografía galega como o clima e o relevo á natureza viva alí existente .

2. ASPECTOS CURRICULARES

NIVEL EDUCATIVO

Con este traballo achéganse coñecementos de xeografía física, de Galicia asociados ao nivel de 3º Ciclo de Educación Primaria de cara a que o/a docente do ensino poida tratalos como máis lle interese , co máximo aproveitamento do tempo e con gran atractivo para o alumnado. Todo isto nun contorno web :

A SECUENCIA DIDÁCTICA

AS PAISAXES DE GALICIA é unha secuencia didáctica constituída por unha serie de 6 obxectos de aprendizaxe

Os 6 obxectos de aprendizaxe (OA) que contan cas súas correspondentes actividades de aprendizaxe son os seguintes

OA 1 : O relevo,

OA 2 : Os ríos,

OA 3 : As costas

OA 4 : O clima ,

OA 5 : Vexetación e fauna

OA 6 : A protección dos espazos naturais de Galicia

3. METODOLOXÍA

METODOLOXÍA DAS ACTIVIDADES

Este contido educativo baséase na aprendizaxe activa da xeografía a través de actividades multimedia dinámicas , no que , por unha parte están as actividades propiamente ditas , que son diversos exercicios sobre o tema en cuestión . Por outra parte, estes exercicos altérnase con actividades compementarias como as Galerías de imaxes (apartado PAISAXES do menu central de cada páxina índice) , os videos relativos a cada un dos temas ou actividades máis lúdicas como os crebacabezas . .

NAVEGAR POLA APLICACIÓN

Pantalla da portada.

Pantalla dun tema

Pantalla de actividade. (1)

Pantalla de actividade. (2)



Botón para confirmar se a resposta ou grupo de respostas é correcto.

4. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS :

Débese usar este programa como unha axuda para afianzar os coñecementos á hora de interpretar un mapa físico de Galicia , climogramas , e , en xeral , aspectos do medio natural e da xeografía física de Galicia . Tamén pode ser usado como elemento inicial de motivación antes de empezar con eses temas . Os conceptos de xeografía ás veces teñen un percorrido menor para que o alumno os interiorice cando se asocian a fotos de paisaxes ou mapas cartográficos dixitalizados.

Os obxectos de aprendizaxe en cuestión poden ser abordados de xeito individual ou en grupos de dous ou tres alumnos ante o ordenador , segundo o criterio de cada docente.

5. ACTIVIDADES

As actividades son exercicios sobre cada tema , de diversa dificultade .

Nalgúns casos teñen un temporizador que segundo acaba , pode dar lugar a volver a unha páxina de repaso .

Na meirande parte dos exercicios, a partir dun número de intentos fallidos , pásase de xeito automático a esa páxina de repaso .

Nas actividades nas que hai un botón en grande débese pulsar para confirmar se se pode avanzar (se a resposta é correcta) ou non .

Nalgúns casos non hai nin temporizador nin contador de acertos e fallos (exercicios de sopas de letras, colorear un gráfico ...etc) .

Na actividade de colorear un mapa , débese levar o cursor sobre o cadro de referencia onde están as cores , pulsar sobre unha delas , e despois ir ao mapa para pintar onde proceda .

Os contidos dos exercicios pódense atopar no apartado **CONTIDOS** , do menú central da páxina inicial de cada tema , ou ben pulsando na icona de cada actividade .

A icona sempre remíte á páxina inicial desde calquera actividade .

Á folla de avaliación áccedese pulsando na icona *, e* permíte ver , do exercicio feito , como se quedou a nivel de tempo utilizado , puntos obtidos e intentos fallidos . Tendo en conta que , como norma xeral , naqueles exercicios que si son avaliables , cada resposta correcta suma un punto , e cada resposta incorrecta o resta .

O TEST final é unha avaliación xeral do tema , débense facer ben os outros exercicios , antes de facelo.

Actividades por temas :

O RELEVO	**AS COSTAS**
CONCEPTOS	CONCEPTOS
COMPLETA O TEXTO	COMPLETA O TEXTO
SOPA DE LETRAS	CLASIFICA
AS SERRAS . COLOREA	LOCALIZA RÍAS ALTAS
LOCALIZA MONTAÑAS	LOCALIZA RÍAS BAIXAS
CLASIFICA	LOCALIZA CIDADES
LOCALIZA DEPRESIÓNS	LOCALIZA CABOS
LOCALIZA SERRAS	LOCALIZA (VARIOS)
ORDENA AS MONTAÑAS	SOPA DE LETRAS
MAPA CONCEPTUAL	IDENTIFICA: elementos da costa
EMPARELLA	IDENTIFICA: lugares
SITÚA ESTAS SERRAS	TEST
TEST	---
---	MAPA : A costa galega desde o satélite
MAPA : Curvas de nivel	
OS RÍOS	**O CLIMA**
CONCEPTOS 1	CONCEPTOS 1
CONCEPTOS 2	CONCEPTOS 2
CUNCAS FLUVIAIS.Colorea	COMPLETA O TEXTO
LOCALIZA RÍOS	SOPA DE LETRAS
CLASIFICA	VARIEDADES DO CLIMA
LOCALIZA ENCOROS	MAPA DE PRECIPITACIÓNS
LOCALIZA VERTENTES	INSTRUMENTOS DE MEDICIÓN
SOPA DE LETRAS	CLIMOGRAMA 1
O RÍO MIÑO. IDENTIFICA	CLIMOGRAMA 2
LONXITUDE DOS RÍOS .Ordena	CLIMOGRAMA 3
TEST	TEST
---	---
OS TRAMOS DUN RÍO	O CLIMA : Visto desde un satélite

FAUNA E FLORA	ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS
CONCEPTOS	CONCEPTOS
COMPLETA O TEXTO 1	COMPLETA O TEXTO
COMPLETA O TEXTO 2	LOCALIZA : Parques nacionais e naturais
CLASIFICA: FAUNA	LOCALIZA : Illas
CLASIFICA: ÁRBORES	LOCALIZA :Monumentos naturais
IDENTIFICA ARBUSTOS	CLASIFICA
IDENTIFICA: FOLLAS DE ÁRBORES	TEST
IDENTIFICA : FAUNA	----------
RELACIONA : ÁRBORES	MAPAS :Espazos naturais
SOPA DE LETRAS	
TEST	

A VEXETACIÓN DE MONTAÑA	

Observando este cadro , pódese ver que ao principio están as actividades de tipo CONCEPTOS / COMPLETA O TEXTO , que son as que inciden nos aspectos máis teóricos do tema , a partir de aí , comenzan diversas actividades , desde clasificar , identificar no mapa , identificar fotografías , elaborar climogramas , situar serras nun mapa físico , identificar elementos do relevo nun mapa conceptual , localizar ríos , encoros , cabos , rías …..etc , nas que os alumnos irán pouco a pouco interactuando .

5. RECURSOS DE AVALIACIÓN E RETROALIMENTACIÓN.

AVALIACIÓN:

A avaliación directa que é o test.

A avaliación continua que é a páxina de avaliación que reflicte os resultados de cada proba .

A observación por parte do docente de como realizan estas actividades

POSIBILIDADE DE RETROALIMENTACIÓN

Na meirande parte dos exercicios, a partir dun número de intentos fallidos , pásase de xeito automático a una páxina de repaso .

Tamén pódese acceder a eses contidos pulsando na icona de cada actividade

Por outra parte pódese ampliar o tema pulsando PARA SABER MÁIS.. no menú central de cada páxina índice do tema .